

Galeusca analiza estratexias conxuntas para impulsar as linguas minorizadas

Representantes da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e das súas homólogas vasca e catalá danse cita este sábado en Compostela no Encontro Galeusca. O programa inclúe debates sobre intelixencia artificial, tradición oral e un repaso sobre a traxectoria da propia alianza.

Laura Piñeiro

19 de setembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/galeusca-analiza-estratexias-conxuntas-impulsar-linguas-minorizadas/20250919221236234338.html>

O Museo do Pobo Galego (Compostela) acolle este sábado unha nova edición do **Encontro Galeusca**, após onte decorrerem na capital galega os actos de benvida e un roteiro pola cidade. A Federación Galeusca, que representa 2.800 escritoras, escritores e profesionais da tradución, naceu no ano 1984 en Poblet (Catalunya) coa intención de representar, defender e promover, a través da unión de forzas, autores e autoras en lingua galega, vasca e catalá. Desde entón, a federación, conformada pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG), a **Associació d'Escriptors en Llengua Catalana** (ALC) e a **Euskal Idazleen Elkarte** (EIE), veu promovendo distintos encontros para a posta en común de ideas.

A intención destes encontros foi sempre o avance, nun ton de confraternidade, na promoción da lingua e a literatura de cada un dos tres países atendendo, tal e como sinala o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, á complexidade de cada un deles. Malia a frecuente actividade das primeiras décadas da súa existencia, os encontros da Federación Galeusca viñan de sufrir unha parada de dez anos.

Esta parada rematou o pasado ano coa realización, de novo, dunhas xornadas en Mallorca (Illes Balears). É por isto que o ton co que abordan estes encontros é optimista, debido á reactivación do traballo e discusións que se dan neles, sinala a este xornal **Sebastià Portell** (presidente da AELC).

Porén, se ben os encontros da federación se paralizaron neses anos, non o fixo o traballo colaborativo entre asociacións lingüísticas catalás, vascas e galegas. Exemplo disto é a participación das entidades en Cedro (colectivo estatal para os dereitos de autoría) ou, a nivel europeo, na Asociación Europea de Escritores.

Os retos

O Encontro Galeusca 2025 está pegado á actualidade e aos retos que esta formula. De feito, unha das temáticas centrais desta xornada é a intelixencia artificial e a súa implicación para as linguas e literaturas minorizadas. Este tema tratarase nun diálogo a cargo de **Rubén Cela**, **Ania González Castiñeira** e **Sebastià Portell** na mañá deste sábado.

Outro tema sobre o que se debaterá, neste caso, nunha mesa redonda coordinada por **Antonio Reigosa**, e con representantes de Euskal Herria, Galiza, Catalunya e Portugal, é a tradición oral, sendo este o derradeiro acto do programa ás 16.30 horas (antes da lectura do manifesto e conclusións do encontro). Este acto fechará cunha homenaxe precisamente á literatura de tradición oral, a través dunha actuación conxunta de regueifeiras (**Alba María** e **Lupe Blanco**), bertsolariak (**Oihana Arana** e **Amaia Elizagoien**) e glosadors (**Miquel Àngel Adrover** e mais **Berta Llos**).

A combinación de ambos os simposios é, segundo sinala Sebastià Portell, un percorrido pola historia, que vai desde a homenaxe ao pasado até unha ollada cara o futuro.

Na xuntanza están previstos tamén actos que fan referencia á propia Federación Galeusca, no relatorio inaugural a cargo da xornalista **Goizalde Landabaso** e os presidentes da AELG e a AELC, no que se repasará a historia da Federación; e un posterior acto de reflexión sobre o seu papel, moderado pola poeta e profesora **Marta Dacosta**. Ambos terán lugar na mañá do sábado, de modo consecutivo, ás 11.20 e 11.40 horas, respectivamente.

A perspectiva con respecto a estas xornadas é, por parte dos membros das asociacións que conforman a Federación Galeusca, moi positiva, non só polo optimismo que xera a continuidade da celebración de dous encontros consecutivos tras unha década sen realizalos, senón pola vontade de continuar establecendo unha estratexia común a través da suma de iniciativas que superen, mesmo, o marco estatal.

Tal e como indica **Goizalde Landabaso** (EIE), só a través da unión poden alcanzar o impulso as linguas minorizadas para afrontar o “océano de posibilidades que ofrecen as linguas que teñen máis falantes”.

Cada un deles se atopa nunha situación totalmente diferente, polo que o tipo de traballo de cada unha das asociacións con respecto á súa propia lingua é diverso. No tocante ao galego, apunta **Cesáreo Sánchez**, é preciso atender á situación crítica que vive o galego a nivel de uso, e á necesidade de revertela. En contraste, a situación do catalán, segundo apunta Portell, é satisfactoria a nivel mediático e literario en Catalunya, mais é preciso pór toda a atención en lugares como o País Valencià ou Aragón, onde “as institucións fan un papel desigual”. Algo similar sucede en Euskal Herria, onde, fronte ao status de lingua cooficial en Euskadi, en Nafarroa e Iparralde, o euskera non ten o recoñecemento desexado. Goizalde Landabaso sinala, porén, o bo momento no que se atopa a literatura nesta lingua.

O Encontro Galeusca fechará, á espera dunha nova edición, coa actuación musical a cargo da cantora Ugia Pedreira.

Historia común: Unha alianza das letras cunha orixe de irmandade

Que a federación que engloba as tres principais asociacións de escritoras e escritores en galego, vasco e catalá leve o nome de Galeusca non é casualidade. Tal e como sinala a este xornal o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, a Federación Galeusca recolle a testemuña que

deixa a Alianza Galeuzca, nada no ano 1933 para xuntar as forzas de tres nacións sen Estado: Euskadi, Catalunya e Galiza, coa finalidade de aumentar as súas cotas de soberanía. Esta alianza reactivouse, posteriormente, baixo o contexto do franquismo, tanto no interior como no exilio, para establecer unha acción común que confrontase o réxime.

Sinala **Cesáreo Sánchez** que a Federación Galeusca non é allea ás problemáticas que se dan no mundo na actualidade e, con sensibilidades e contextos totalmente diversos como é propio dunha organización integrada por tantas persoas, a acción de Galeusca provén desde unha conciencia antiimperialista e de defensa da identidade do pobos.

Roteiro e benvida

Previamente ao encontro, onte as e os participantes acudiron á recepción na Alcaldía de Santiago, coa rexedora Goretti Sanmartín e, posteriormente, participaron do roteiro por Compostela guiado polo escritor Daniel Asorey.